

PONT DE VARSÒVIA

Pere Portabella, 1989

1305

ESTREA EN NUMAX: 04.06.2024 | V.E. | 84 min

Un director de orquestra e unha profesora coinciden nun cóctel cun escritor que acaba de gañar un importante premio pola súa novela "Pont de Varsòvia". Ao mesmo evento acode un xornalista que pregunta ao autor do libro pola trama do mesmo, pero este non sabe que contestar, polo que decide botar unha ollada ao libro e sacar as súas propias conclusións.

No medio da contorna escura que domina a película, as vidas do director, a profesora e o escritor veranse entrelazadas de forma fortuíta cando aparece nas noticias o descubrimento dun submarinista morto.

«Obra visionaria, crítico sensual e provocador, viaxe ás mesmas esencias da expresión artística»

Toni Vall, CINEMANIA



Entrevista con Pere Portabella: «A limitación dos medios non debe comportar nunca que non poidas facer o que queres»

Por Josep M. Muñoz

De 1980 a 1988 é deputado no Parlamento de Cataluña ata que o deixa e volve ao cinema en 1989 con *Pont de Varsòvia*. Que o levou a facer esta película, e cal foi a intervención que tivo Octavi Pallissa? En *Informe general sobre unas cuestiones de interés para una proyección pública* (1977), Octavi xa interviña. Para *Pont de Varsòvia* necesitaba unha persoa como dialoguista. Alguén que vivise esta situación e respondese a un determinado perfil. El foi un dos primeiros militantes do PSUC recoñecido na Universidade; tivo que fuxir da policía franquista. Refuxiado na Alemaña comunista, en Leipzig, xunto con outros estudantes, moitos deles cubanos. Os diálogos teñen a miúdo a súa acidez, ese sarcasmo seu. A moitos amigos non lles gustaron os diálogos, máis literarios que coloquiais. Foron tratados inxustamente, seguramente porque poñían o dedo na chaga. A Manolo Vázquez Montalbán a película gustáralle moito, pero parecerálle que os diálogos eran como a auga e o aceite, que non eran coloquiais e non se integraban. Pero é xusto o que a min me interesa en todas as miñas películas.

A película xira sobre un personaxe, escritor, que se acomoda á nova situación. Temos que velo como unha reflexión sobre a nova situación cultural e política froito da Transición? Dous personaxes volven da praia e un dille ao outro: «Ou escribes para vivir ou xógaste a vida». O escritor (que interpreta Jordi Dauder), respóndelle que aquí sempre hai un sector de xente que marca o gusto e as tendencias e o outro contesta: «Pois a esa xente que dis ti, que lles dean polo cu». Mesmo agora hai quen me reprocha esta frase, dicindo que a película está moi ben, «pero que algunha vez, de forma groseira...» Secuencias como a do Tristán e Isolda no mercado do peixe e outras, son un precedente de *Die Stille vor Bach* (Pere Portabella, 2007). Agora pódese ver con certa distancia. Porén, *Pont de Varsòvia* en Nova York tivo un éxito moi considerable.

Aínda que fixo películas moi diferentes entre elas, tanto vostede mesmo como os estudosos destacan a coherencia do seu cinema. En concreto, vostede di que o seu cinema o que fai é cuestionar a linguaxe cinematográfica, violentala se é necesario. Unha parte das miñas películas, *Vampir* (1969), *Umbracle* (1972), *Informe general* (1977), están feitas fóra das institucións. Doutra teño filmes realizados nun sistema de produción normalizado: *Nocturno 29* (1968), *Pont de Varsòvia* e *Die Stille vor Bach*. É a mesma estrutura, pero cambia a estratexia. As primeiras son películas feitas con orzamentos baixísimos, que non recorren a ningún financiamento administrativo nin institucional, e as outras son o mesmo pero entrando, como un intruso, no territorio das grandes producións, o das salas de cinema comercial. Pero eu seguí facendo o mesmo. *Vampir*, que está considerada unha das películas de estética brillante, está feita con pouco diñeiro e con negativo de son para os exteriores. A Luis Cadrado, o operador de *Nocturno 29*, pedinlle: «unhas imaxes en branco e negro que sexan tan contundentes como os ideogramas chineses», «Pois iso non existe», «Xa o sei, pero búscalo». Durante dous ou tres días ensinábame copións moi contrastados, pero non iamos ben. E finalmente espérame un día ás sete da mañá para dicirme que cun negativo de son (que é moito máis duro que o de imaxe) obtés esa calidade. Non hai grises nin sombras. E se che entra un pouco de luz de sol desaparece todo. No enterro de *Vampir*, por exemplo, eu buscaba os focos para obter este efecto de ruptura. A limitación dos medios non debe comportar nunca que non poidas facer o que queres. Tes que pensar que medios tes e partir de aí.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Vampir Cuadecuc,
Pere Portabella.
Cameo [DVD]

Impugnar las normas,
Pere Portabella.
Galaxia Gutenberg, 2024

Pere Portabella,
Rubén Hernández.
Errata Naturae, 2008